

BASES DOS VI PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO (2024)

1. Obxecto

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) convoca os **VI Premios Mil Primaveras (2024)**, coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos** que teñen como **obxectivo principal a posta en valor e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, en xeral ou en ámbitos determinados. Deste xeito, preténdese **recoñecer e proxectar o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística**, valorar e difundir proxectos positivos e seleccionar boas prácticas que poden servir como modelos.

2. Proxectos participantes

Poden optar a estes premios todas as **accións, campañas, programas e proxectos cuxo obxectivo principal sexa a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, en xeral ou en ámbitos determinados, que foron ou son desenvolvidos por servizos de normalización lingüística de administracións públicas e entidades privadas, por equipos de normalización e dinamización da lingua galega dos centros de ensino, por asociacións ou outras entidades públicas ou privadas e por particulares, e **que tivesen vixencia**, total ou parcialmente, en **2021, 2022, 2023 e/ou 2024**.

Nos Premios Mil Primaveras **non se admiten proxectos aínda sen executar**. Tampouco se poden presentar aos VI Premios Mil Primaveras proxectos que foran recoñecidos nas edicións anteriores.

3. Método de inscrición

A inscrición de proxectos para optar aos premios debe facerse a través do formulario habilitado para tal efecto no sitio web <u>www.milprimaveras.gal (sección "Inscricións":</u> <u>https://milprimaveras.gal/inscricions/gl).</u>

A inscrición ten que facela a **entidade ou a persoa responsable da acción, campaña, programa ou proxecto**, que deberá detallar os **aspectos técnicos da súa planificación, xestión, execución e avaliación**. Cada acción, campaña, programa ou proxecto debe ser **inscrito/a por separado** polas entidades, servizos de normalización lingüística, equipos de normalización e dinamización da lingua galega, asociacións etc., que poderán rexistrar cantas propostas queiran, sempre que sexan da súa responsabilidade e cumpran os requisitos da convocatoria.

No documento que describa o proxecto de forma detallada deben incluírse, polo menos, as seguintes **epígrafes**:

- Obxectivos xerais e específicos
- Persoas destinatarias
- Temporalización
- Necesidades e recursos
- Accións, medidas e actuacións concretas
- Avaliación

Os **proxectos** que resulten **premiados publicaranse** na sección "Proxectos premiados" do web www.milprimaveras.gal **tal e como foron subidos polas entidades ou persoas responsables** deles.

4. Prazo de inscrición

O prazo para inscribir propostas ábrese o 16 de outubro de 2024 e remata o 31 de xaneiro de 2025.

5. Xurado e selección de proxectos premiados

O xurado que valorará os proxectos candidatos estará formado por técnicos/as de normalización lingüística e persoas con recoñecida capacidade en ámbitos como a planificación lingüística, a intervención social, a xestión de proxectos sociais e/ou a comunicación, e será nomeado pola CTNL. Non poderán formar parte do xurado promotores/as de accións candidatas.

Para a selección dos proxectos premiados o xurado terá en conta:

- A calidade da **planificación** do proxecto, coa axeitada determinación de **obxectivos**, **destinatarios/as**, **accións**, **necesidades** e **recursos**, **temporalización** etc. (ata 25 puntos)
- A **execución** e **desenvolvemento** adecuado das medidas e actuacións. (ata 25 puntos)
- A **innovación** do proxecto, a capacidade de **incidencia** e o **impacto** positivo para a lingua. (ata 10 puntos)
- A calidade e atractividade da **comunicación**, **deseño**, **imaxe**, **materiais**, etc. (ata 10 puntos)
- A axeitada **avaliación**. (ata 15 puntos)

• A eficiencia do proxecto. (ata 10 puntos)

Tendo como referencia as categorías premiadas nas tres primeiras edicións o xurado tamén terá en conta: os **proxectos estabilizados**, que se leven desenvolvendo durante polo menos cinco anos; proxectos de **nova creación**; aqueles que teñen como obxectivo principal a **socialización en galego da infancia ou da mocidade**, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua ou aqueles que procuran o incremento do uso e/ou prestixio da lingua nun **ámbito sectorial concreto** (socioeconómico, novas tecnoloxías, audiovisual etc.).

6. Premios

Recoñecerase un máximo de **catro accións, campañas, programas ou proxectos**, sen establecer ningunha xerarquía entre os premios que se outorguen. O premio consistirá no **recoñecemento e visibilización dos proxectos como modelo positivo para o traballo en normalización lingüística**, **non terá dotación económica** e a cada proxecto seleccionado entregaráselle un galardón identificativo e un diploma.

O **acto de entrega** de premios terá lugar nunha data e nun lugar que se determinarán con suficiente antelación. A relación de proxectos premiados darase a coñecer con antelación a ese acto. As entidades responsables dos proxectos premiados comprométense a asistir a el.

7. Base final

A participación nestes premios supón a aceptación de todas as condicións e o permiso para que a organización difunda os proxectos galardoados.

Convoca:





Colabora:

